



## ROGO SOBRE O INCREMENTO DA SEGURIDADE CIDADÁ NO BARRIO DAS FONTIÑAS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha xuntanza cos representantes das asociación veciñal "As Fontes" do barrio de Fontiñas, o Grupo Municipal Popular tivo coñecemento da preocupación que manifestan moitas persoas residentes nesa zona pola percepción de inseguridade como consecuencia da frecuencia de distintas accións que se veñen rexistrando, entre eles roubos en comercios e garaxes, carreiras de vehículos a altas horas da noite e mesmo problemas de convivencia con persoas que, ao parecer, están a ocupar de forma ilegal unha vivenda na rúa Praga e que posúen animais "conflitivos".

Tendo en conta que a seguridade cidadá, a dereito ao descanso e a pacífica convivencia forman parte dos valores que o Goberno local debe procurar entre a cidadanía, para o que dispón dos recursos e mecanismos necesarios, formúlase o seguinte rogo:

***Que por parte do corresponde órgano do Goberno municipal se tomen as medidas que se consideren axeitadas para mellorar as condicións de seguridade e convivencia cidadá no barrio das Fontiñas, comezando polo incremento da presenza da Policía Local en horario nocturno.***

Santiago de Compostela, a 7 de novembro de 2017

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela